


OUTUBRO
2025



NESTE MES DE OUTUBRO



IMOS EMPEZAR CATEQUESE:

XOVES DÍA 9 ÁS 4'00

EN FORNELOS

NEN@S DE PRIMARIA

VENRES DÍA 10 ÁS 4'30

EN FORNELOS

MOZ@S DE SECUNDARIA

SÁBADO DÍA 11 ÁS 4'15

EN MOSCOSO

NEN@S E MOZ@S

IMOS EMPEZAR ENSAIOS DE GUITARRA:

VENRES DÍA 10 ÁS 8'00 NA REITORAL DE FORNELOS



ATENCIÓN DE CÁRITAS:

Dende cáritas de Os Cotos,
se podemos, axudamos
a quen nos pida unha man.
Estamos no local da casa
reitoral de Fornelos
os xoves día 9 e 23
de dez a doce da mañá.



236 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá


"Un contiño para vivir"**"A fogueira e o lume?"**

Noite entre amigos diante dunha cea do máis apetitosa, risas, contos que recordamos, todo un relax para vivir un momento de ledicia e celebración, ao arredor dunha fogueira estamos a cantar desas cantigas que nos traslada á nosa nenez, lume que nos enche de paz, lume que quenta os nosos corpos e os nosos corazóns.

Que importante é a lareira nas nosas vidas, prendida nunha cociña para preparar as nosas comidas, quentar as nosas casas contemplando como eses troncos prenden na cheminea, acender unha candeia e darlle ao noso fogar un cheiro único, e tantas outras ocasións onde a lareira é o noso aliada e fainos doado o noso camiñar.

Pero que pasa cando ese lume, ese fogo que nos alenta cae nunhas mans asasinadas que non ven máis alá que o seu propio egoísmo e a maldade?. Estes lumes mal intencionados non calibran as consecuencias nas nosas terras, na natureza que xa de por si é un regalo de vida, no noso gando, nas nosas casas e na vida de persoas que o perden todo, chegando incluso a morrer. Aí están os que loitan por defendernos fronte a voracidade dun fogo imparable: voluntarios, bombeiros, cuadrillas e veciños que deixan incluso a vida por axudar.

Non é moito pedir que pensemos no noso, non no meu e teñamos a xenerosidade de coidalo e amalo non de palabra senón con feitos, todos xuntos podemos cambiar as cousas e merecemos que así sexa;

Cada quen ao se sitio


O SANTO PARA O MES en outubro

o día 11: BEGOÑA

É nome de orixe vasca que significa "lugar do outeiro dominante".

Trátase dun nome vasco moi popular polo santuario da Nosa Señora da Begoña, erixido no século XVI, e que se corresponde co punto xeográfico no que se atopa o santuario desta virxe de Bilbao, cidade da que é patroa. A primeira ermida era gótica, pero foi reedificada e ampliada no século XVI converténdose nunha magnífica basílica rodeada de xardíns.

CONSELLO



*"A dignidade da persoa
esixe que actúe segundo
a súa libre elección,
sen ningunha coacción
externa. ..."*

Paulo VI

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



Día mundial da Dignidade

15 de outubro



A dignidade é o respecto e a estima que merecen todos os seres humanos, sen importar súa orixe, sexo ou condición social.



Relaciónase coa maneira de comportarse das persoas de maneira correcta, baixo valores morais.

O terceiro mércores de outubro celébrase o día da dignidade, para motivar e inspirar ás persoas acerca do dereito que todos temos de vivir unha vida digna, e tamén a ser mais compasivos cos demais. Trátase de afondar no dar comprensión, compaixón e amor, e que todas as persoas poidan ter as mesmas oportunidades.

Esta data é para axudar aos nenos e mozos a reflexionar e comprender a súa autoestima e os valores da bondade, comprensión, compaixón e tolerancia. Poderán desenrolar o seu potencial e talento, representarse a si mesmos e a liberdade e os dereitos dos demais.



A idea da creación deste día mundial fundouse no ano 2005, por iniciativa dun empresario estadounidense, un profesor finlandés e un príncipe noruego. Sostiñan que a dignidade humana era o centro do cambio social positivo, sendo necesario estimular os nenos a comprender o significado da dignidade.



Palabras do Papa Francisco sobre a catequese

“Xamais se cansen de ser catequistas, non de dar leccións de catequese”.

“A catequese non pode ser unha hora de clase, senón que é unha experiencia viva na fe”.

“Non se esquezan nunca que a finalidade da catequese é chegar a atopar a Xesús e permitir que El medre en nos”.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE OUTUBRO

DÍA 5	LECTURA	2 Tim 1, 6-8. 13-14	Ten o valor de testemuñar o evanxeo
	EVANXEO	Lc 17, 5-10	Non fixemos máis que o que tiñamos que facer
DÍA 12	LECTURA	2 Tim 2, 8-13	Lémbrete de Xesús, el permanece fiel
	EVANXEO	Lc 17, 11-19	Só un samaritano volve para dar grazas a Xesús
DÍA 19	LECTURA	2 Tim 3, 14 - 4, 2	A Palavra de Deus é útil para a xustiza
	EVANXEO	Lc 18, 1-8	Deus fará xustiza a tempo
DÍA 26	LECTURA	Eccl 35, 15-22	Deus presta oído ao asoballado
	EVANXEO	Lc 18, 9-14	Recoñecer os erros enche o corazón de Deus